

PROPOSTA DE APLICACIÓN DA NOVA NORMATIVA DA LINGUA GALEGA PARA OS ESCRITOS DO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS.

O 12 de xullo de 2003, a Real Academia Galega –autoridade competente en materia lingüística-, aprobou as normas da lingua galega, o que se vén por coñecer como a **Normativa da Concordia**, xa que nela se recollen as tendencias normativas socialmente maioritarias en Galiza.

Estas dúas tendencias estiveron encarnadas polo Instituto da Lingua Galega, o cal representa a corrente oficialista, e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega que defende o reintegracionismo de mínimos. A proposta feita á Real Academia foi conxuntamente presentada pola ASPG, o ILG e os departamentos de Filoloxía Galega das tres universidades do país, despois dun tempo de estudo e negociación ata a elaboración dun texto único que recollía o acordo.

Este SNL axiña adaptou os seus escritos e publicacións a esta normativa, mais, conscientes da necesidade dun período de adaptación e de convivencia cos cambios, non corruxía aqueles textos debidos a outros departamentos que non se axeitaban aos criterios do SNL.

Transcorrido un tempo prudencial, no que se venceu o escurantismo, debates, pronunciamentos, ao iren organismos, medios de comunicación, institucións, administracións, editoriais... sumándose á nova normativa, o SNL considera oportuno achegar máis información (os cambios foron publicados en *Lingua Viva*, núm. 37) así como difundir aqueles criterios baixo os cales corruxirá os textos que se lle remitan, e que cre oportuno deberían ser aceptados polos diferentes departamentos para harmonizar a linguaxe escrita desta administración, evitando deste xeito a utilización de dobres formas (aceptadas pola normativa) en anuncios, notificacións, publicacións...

O SNL fai esta proposta, e queremos deixar ben claro que non ten razoamentos lingüísticos que a soporten, pero que nos baseamos:

1. De indicar explícita ou implícitamente a **Norma** que unha opción é preferente, inclinámonos por estas:

- a) Por exemplo no texto das normas aparece *ao* no canto de *ó*, polo que nós utilizaremos a forma non contraída *ao*.
- b) De haber dúas opcións, e só obrigar nuns contextos ao uso diante das formas, só nos limitaremos a eses casos obrigatorios. Por exemplo no alomorfo do *artigo* *-lo, -la, -los, -las*: *U-lo?, polo*, pero: *Tras o val, Todos os días...*

2. O outro criterio, volvemos insistir da harmonización, neste caso cos criterios adoptados por outros servizos de normalización de concellos, universidades, empresas lingüísticas, que, por exemplo, optan polo sufixo *-aria*: *concellarías, librería...*

Achegamos un primeiro documento explicativo dos principais cambios, coa indicación de cales son OBRIGATORIOS e cales OPCIONAIS e un segundo documento que é a PROPOSTA DE HARMONIZACIÓN PARA OS ESCRITOS DO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS.

Na **Norma** de 2003, existen dous tipos de mudanzas: obrigatorias e opcionais. Nas primeiras, elimínase a proposta de 95 e engádese unha nova; nas segundas deixan aberta a escolla entre unha e outra, mais o propio texto das normas, implicitamente, dá prioridade a unhas sobre as outras. Así *servizo, licenza, estudo, sentenza* pasan a ser únicas formas correctas.

Formas de moito uso como **sen embargo, *nembargantes, *anque, *entonces*, ata agora normativas pasan a ser incorrectas, e cómpre substituílas por *non obstante, aínda que, entón*.

MUDANZAS MÁIS RELEVANTES OBRIGATORIAS

A aplicación dunha nova normativa supón un cambio integral ou parcial nalgúns palabras, terminacións ou usos de certas construcións por considerárense as anteriores incorrectas. Son as seguintes:

1. ACENTUACIÓN

A acentuación de interrogativos que introducen cláusulas interrogativas indirectas só é obrigada cando se poidan producir ambigüidades.

Dime que queres/ Dime qué queres.

2. GRUPOS CONSONÁNTICOS CULTOS CT E CC

Suprímese a primeira consoante do grupos cando os preceden as vogais -i- ou -u-: *condución, conduta, conduto, condutor, conflito, construción, construtivo, construtor, dicionario, ditame, ditadura, estrito, estrutura.*

Mantense o grupo nalgúns tecnicismos e palabras cultas como: *edicto, dición, convicto, convicción, ficción, ficticio, invicto, pictórico, succión, veredicto.*

Algunhas palabras perden o c pero vocalizándoo en u ou en i: *doutor, doutoramento, doutrina; reitor, reitorado, reitoral, reitoría; seita (pero sectario, sectarismo); suxeitar e suxeito.*

3. SUFIXOS E TERMINACIÓNS

3.1. SUFIXOS EN -ZO, -ZA

Auméntase a lista de palabras con estas terminacións: *diferenza, espazo, estanza, (estrofa), graza, licenza, nacemento, novizo, perseveranza, presenza, querenza, sentenza, terzo, servizo.*

3.2. SUFIXOS MASCULINO -ÁN FEMININO -Á E MASCULINO -ÓN FEMININO -OA

Adáptanse ao modelo -án/-á as seguintes formas: *afgán, alazán, alemán, barregán, bosquimán, capitán, catalán, ermitán, escribán, gardián, musulmán, rufián, sancristán, sultán e truán.*

Seguen o modelo -ón/-oa todas as palabras en que -ón non funciona como sufixo aumentativo ou deverbal pexorativo: *anfitrión, bretón, campión, ladrón, león, patrón, saxón, teutón.*

Terminación -ón/-ana: *mullerona, casona, abusona, acusona, preguntona.*

3.3. TERMINACIÓNS EN -EU, -AUE -O

Engádense á lista de palabras rematadas en -eu: *chapeu, romeu e xubileu.*

Engádense á relación de palabras en -au: *bacallau e pau.*

Engádense á lista de palabras en -o: *tribo e ímpeto.*

3.4. TERMINACIÓN -DADE, -TADE.

Incorpórase *puberdade* ao grupo -*dade*.

4. VERBO

A acentuación das primeira e segunda persoa de plural de pretérito de subxuntivo pasa a ser esdrúxula: **cantasemos, cantásemos.*

5. PRONOMES

5.1. DEMOSTRATIVOS

Elimínanse as formas do pronome demostrativo neutro **esto, *eso, *aquel* sendo só válidas *isto, iso, aquilo.*

5.2. RELATIVOS

Engádense a forma *cuxo* ao paradigma dos relativos posesivos, este pronome ten flexión xenérica así teremos as formas: *cuxo, cuxa, cuxos, cuxas.*

6. ADVERBIOS E LOCUCIÓN ADVERBIAIS

Engádense á lista: *alén e aquén* (lugar)

Elimínanse: **entoces* (tempo), **alomenos* (cantidade e precisión). Sostituíráselle por *entón, polo menos, tan sequera.*

Escríbense xunto: *acotío, decontado, decontino, decotío, deseguida, deseguido, enseguida* (tempo); *apenas* (cantidade e precisión); *amodo, devagar* (tempo); *talvez* (dúbida).

7. PREPOSICIÓNS E LOCUCIÓNS PREPOSITIVAS

Engádense: *a respecto de, alén de, após, aquén de, até, canto a.*

8. CONXUNCIÓNS E LOCUCIÓNS CONXUNTIVAS

Engádense: *no entanto, porén* (adversativas); *até que* (temporais).

Elimínanse: **anque, *nembargantes, *sen embargo* (adversativas); **anque* (concesiva); **entonces* (consecutiva).

Escríbense xunto: *apenas, decontado que, deseguida que* (temporais).

9. NUMERAIS

9.1. CARDINAIS

Fanse regulares os numerais entre vinte e trinta, escríbense separados: *vinte e un, vinte e unha, vinte e dous, vinte e dúas...*

9.2. MULTIPLICATIVOS

Elimínanse as formas **triple e cuádruple* só son válidas as formas *tripla, triplo e cuádrupla, cuádruplo*.

MUDANZAS MÁIS RELEVANTES OPCIONAIS

Hai outros cambios que malia seren opcionais son significativos por afectaren a palabras de uso cotián.

Na maioría dos casos, como xa dixemos, a **Norma** inclínase por unha opción como preferente; daquela esa é a forma que nós escollemos nos nosos criterios de harmonización (vid. doc. 2). Pero debemos salientar que ambas as dúas formas son válidas, daquela non poderemos valoralas como máis ou menos normativas.

1. A SEGUNDA FORMA DO ARTIGO (-lo, -la, -los, -las)

Só é obrigatoria tras a preposición *por* (Vai polo río) e *tras* o adverbio *u* (U-lo expediente?).

No resto dos casos é opcional; é dicir poderíamos optar por unha ou outra forma, pero a propia normativa escolle a non utilización do alomorfo *-lo* nos casos opcionais: *Todos os días; Ambos os dous expedientes.*

2. Ao/ó.

Mentres que as normas do 95 daba como preferente a escolla *ó*, nesta nova redacción non se manifesta esa preferencia, e as propias normas están redactadas coa forma non contraída.

3. COMPARATIVA *ca+artigo*.

Admítese a dobre representación para o encontro entre a comparativa e o artigo: *ca a* ou *cá*.

Por coherencia co resto das escollas optamos por *ca o/ca a*.

4. SUFIXOS *-BLE/ -BEL*.

Admítese plenamente o sufixo *-bel* (e de aí *estabelecer*). A escolla nas normas aparece *-ble*.

A escolla *-bel/-beis* afecta á acentuación da palabra. Así *amábel/amábeis*.

5. SUFIXOS *-ARÍA/ -ERÍA*.

Nas normas do 95, dábanse as dúas solucións normativamente ao mesmo nivel. A redacción do texto da **Norma** escolle a tradicional *-aría*, de aí: *concellaría, libraría, consellaría...*

6. SIGNOS DE INTERROGACIÓN E ADMIRACIÓN.

O seu emprego é obrigatorio ao final do enunciado, e recomendado ao seu inicio para evitar ambigüidades e facer máis doada a lectura.

Por último, cómpre indicar que ao carón de *oír* admítese *ouvir*. *De ouvirmos iso, non o faríamos*.

PROPOSTA DE HARMONIZACIÓN NORMATIVA PARA OS ESCRITOS DO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS.

Nas comunicacións escritas desta administración cómpre, amais de corrección, certa harmonización dentro das opcións normativas.

Artellamos esta proposta en dous apartados: PROPONSE e OBRÍGASE.

PROPONSE: Refírese a cal é a escolla do SNL verbo daqueles cambios opcionais da **Norma**.

- Empregar *ao* no lugar da contracción *ó*: *Fun ao aparcadoiro*.
- Usar só a segunda forma do artigo coa preposición *por* e o adverbio de lugar *u*: *U-lo expediente, Polo corredor vai o concelleiro*.
- Usar o sufixo *-aría*: *concellaría, libraría*.
- Utilización do sufixo *-bel*: *aplicábel*.
- Utilizar só ao final os signos de interrogación e exclamación.

OBRÍGASE: Referidos aos cambios Obrigatorios, dentro das que subliñamos aquelas que consideramos máis relevantes nos nosos escritos.

A. Utilizaremos:

1. *Diferenza, espazo, estanza (estrofa), grazas, licenza, nacenza, novizo, perserveranza, presenza, sentenza, servizo e terzo.*
 2. *Estudante, estudar, estudo; puberdade, reitor, reitoría, reitoral, seita e vogal.*
 3. *Triplo/a, cuádruplo/a.*
 4. *Bacallau, pau, chapeu, romeu, xubileu,*
 5. *Tribo, ímpeto.*
 6. *As formas acotío, amodo, apenas, decontado, decotío, deseguido, devagar, enseguida, talvez.*
 7. *Empregaremos só a acentuación dos interrogativos para introducir interrogativas indirectas que pidan resultar ambiguas.*
 8. *Isto, iso, aquilo.*
 9. *Os numerais vinte e un, vinte e dous, vinte e dúas....*
 10. *P₄ e P₅ do pretérito de subxuntivo: informásemos, notificásedes.*
- B. *Suprimiremos a primeira das letras nos grupos consonánticos cc e ct, cando antes vai "i" ou "u": produto, conflito, pero obxectivo, e conducción, produción, redución, introdución.*
- C. *Recoñecemos os adverbios aquén e alén, o relativo cuxo/a, as preposicións e locucións a respecto de, após, até, canto a, así como as conxuncións e locucións adversativas no entanto e porén.*